



Xoves
24
OUTUBRO

Concerto didáctico “Animalia”

Interpretación, Josito Porto e Cristina Collazo
Casiano Mouriño, director
10:00 h – 12:00 h Sala Mozart (Auditorio de Galicia)
Alumnos de Infantil, 1º e 2º de Primaria

Domingo
27
OUTUBRO

CONCERTO ESPECIAL

“30 Aniversario do Auditorio de Galicia”
Xurxo Souto, presentación

BANDA MUNICIPAL DE PADRÓN

Braulio M. Cao Ledo, director

BANDA DE MÚSICA SANTA CRUZ DE RIVADULLA

José Rodríguez Ramos, director

BANDA DE MÚSICA CULTURAL TEO

Álvaro Varela Ferradáns, director

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SANTIAGO

Casiano Mouriño Maquieira, director

18:00 h – Auditorio de Galicia

Mércores
30
OUTUBRO

Concerto didáctico “A gata con Zocos”

Elenco artístico, Cristina Collazo, Anxo García e Manuel Paino
Casiano Mouriño, director
10:00 h – 12:00 h Sala Mozart (Auditorio de Galicia)
Alumnos de Infantil, 1º e 2º de Primaria

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA
Santiago de Compostela

TEMPORADA 2019 / 2020

Ciclo de Outono



Concerto para Violín de Chaikovski

Grigori Nedobora, violín
Casiano Mouriño Maquieira, director

Domingo 20 de outubro de 2019

12:00 h Teatro Principal



facebook.com/BandaMunicipal
SantiagoCompostela/



twitter.com/BMSCompostela



COMPOSTELA - Capital Cultural
www.compostelacapitalcultural.com
www.auditoriodegalicia.org





TEMPORADA
2019 / 2020

Ciclo de Outono



Grigori Nedobora, Kharkiv (Ucrania), iniciou os seus estudos de violín á idade de 6 anos. Dende os 9 estudou na Escola de Música Beethoven con Semion Shteiman. Con 14 anos fixo o seu primeiro debut como solista interpretando o Concerto para violín de Sibelius coa Orquestra Filharmónica de Kharkiv. Continuou os seus estudos en Moscova con Maya Glezarova, Vladimir Spivakov (violín) e Valentin Berlinsky (cuarteto).

Foi concertino da orquestra de cámara do Instituto Gnesin, antes de converterse no membro máis novo da Orquestra de cámara "Virtuosos de Moscova", dirixida por Vladimir Spivakov.

Desenvolveu unha extensa actividade solística, interpretando con distintas orquestras concertos de Bach, Bruch, Brahms, Sibelius, Dvorak, Berg, Schnittke y Quiroga baixo a batuta de directores como Helmut Rilling, Antoni Ros Marbá, Maximino Zumalave, Christoph König, Paul Daniel o Oleg Janko.

Dende 1996 é principal de segundos violíns da Real Filharmonía de Galicia e profesor da Escola de Altos Estudos Musicais en Santiago de Compostela.

A pegada do virtuosismo e do simbolismo orientais

Co auxe do nacionalismo do século XIX a cultura e a tradición dos países periféricos da encomiada centroeuroa comezan a despuntar e a darse a coñecer por todo o mundo. Entre eles, Rusia acada un lugar prominente, expandindo o seu significativo ballet ou mesmo creando unha sólida escola ao seu redor. Non cabe máis que citar virtuosos violinistas do século XX coma Jascha Heifetz, David Oistrakh, Yehudi Menuhin ou Isaac Stern. E de corda fretada, sen ir máis lonxe, vai o concerto. Un instrumento pouco habitual nas bandas; símbolo e bastión da orquestra, e que hoxe se ergue coma ponte de unión entre as dúas agrupacións musicais, metaforicamente reconciliadas.

A primeira toma de contacto ven da man da segunda e derradeira ópera de Glinka, artellada sobre o conto de Pushkin. A abertura está organizada en tres temas: o primeiro, intrépido, que representa a Ruslan; segue o motivo doce do amor que sinte por Ludmila e, finalmente, o inquietante motivo de Chernomor.

Xa imbuídos na atmosfera da tradición rusa, é a quenda do *Concerto para violín* de Chaikovski. Composto en apenas 25 días, é o único que escribiu para este instrumento, sendo considerado un dos máis convulsos, posiblemente influenciado polo momento vital que estaba a vivir o compositor. O primeiro dos tres movementos dos que consta constitúe unha exhibición de habilidades do solista á vez que nos brinda uns *tutti* de gran beleza e grandiosidade.

Apenas dous anos antes e tan só en cinco días, compuxo a *Marcha Eslava* cun carácter diametralmente oposto. Por encargo de Rubinstein para un concerto benéfico en apoio ao exército combatente fronte ao Imperio turco artéllase esta partitura, sobre cancións populares serbias e mesmo co himno zarista.

Dentro do orientalismo musical, trasladámonos ao Xapón contemporáneo con Yasuhide Ito. *Gloriosa* é unha sublime adaptación de cantos cristiáns que foron xaponizados nun intento de enmascaralos en pro da súa supervivencia. Todo un percorrido dende a solemnidade do canto monódico inicial pasando por agresivas sonoridades e arriscados pasaxes polos que discorre a peza.

PROGRAMA

I

Michael Ivanovich GLINKA (1804-1857)
RUSSLAN AND LUDMILLA, Abertura (1842)

Piotr Ilich CHAIKOVSKI (1840-1893)
CONCERTO FOR VIOLIN in D Major, Op. 35 (1878)

I.- Allegro Moderato

Grigori Nedobora, violín

II

Piotr Ilich CHAIKOVSKI (1840-1893)
MARCHA ESLAVA in Bb menor, Op. 31 (1876)

Yasuhide ITO (1960)
GLORIOSA, Poema sinfónico (1990)

I.- Oratio

II.- Cantus

III.- Dies Festus